

LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, María Flora
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.

DESCULPA ASISTENCIA

Álvarez Zurbano, Jénifer
González Santamaría, Pedro
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Zas Varela, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 8 de novembro de dous mil dezaseis, convocada para as 12:00 h en primeira convocatoria e ás 12:30 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **8 de novembro de 2016** ás 12:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 19 de outubro de 2016.
2. Resolución das reclamacións aos censos provisionais das eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamento e das eleccións de representantes de estudantes e PAS no Comité de Dirección da EIDO.
3. Delegación na secretaria xeral, se procede, da proclamación provisional de candidaturas.
4. Sorteio da letra pola que deberán comezar as relacións de candidatos/as nas papeletas electorais das eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamento e das eleccións de representantes de estudantes e PAS no Comité de Dirección da EIDO.
5. Modificación, se procede, do cadro de membros por sectores dos consellos de departamento.
6. Outros asuntos de interese.
7. Rolda libre de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 19 de outubro de 2016.

Ao non haber alegacións, apróbase.

2. Resolución das reclamacións aos censos provisionais das eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamento e das eleccións de representantes de estudantes e PAS no Comité de Dirección da EIDO.

O presidente comenta as reclamacións presentadas. Acéptanse todas.

3. Delegación na secretaria xeral, se procede, da proclamación provisional de candidaturas.

O presidente indica que se trae este punto, como é habitual, para poder cumprir os prazos establecidos no calendario electoral. Apróbase por asentimento delegar en Secretaría Xeral a proclamación provisional de candidaturas.

4. Sorteo da letra pola que deberán comezar as relacións de candidatos/as nas papeletas electorais das eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamento e das eleccións de representantes de estudantes e PAS no Comité de Dirección da EIDO.

Feito o sorteo, as letras obtidas son “F” e “S”.

5. Modificación, se procede, do cadro de membros por sectores dos consellos de departamento.

Expón o presidente a modificación no número de membros por sectores que se produce no Dpto. de Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción como consecuencia de pasar de 17 membros natos a 21 membros. Esta proposta de cambio foi achegada coa documentación.

Apróbase por asentimento

6. Outros asuntos de interese.

Non hai.

7. Rolda libre de intervencións.

O Sr. Federico Fernández. Prega que se tenten homoxeneizar os criterios para definir a representación dos distintos sectores da comunidade universitaria nos órganos colexiados, así como os procedementos para a sufraxio activo e pasivo vencellados a estes sectores.

Tamén prega que se manteñan as bases de datos utilizadas para a xeración dos censos electorais o máis actualizadas posible, e que en cada momento se utilicen as máis acaídas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h do día 8 de novembro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M^a Pena Uris